



# PLAN DE DIFUSIÓN

PIALE CANADÁ 2022

MÓNICA MATO SEIJAS  
CPI CASTRO BAXOI  
MIÑO



## PLAN DE DIFUSIÓN PIALE 2022

- Datos persoais: Mónica Mato Seijas
- Centro Educativo: CPI Castro Baxoi
- Localidade: Miño A Coruña
- Código de centro: 15009071
- Niveis educativos impartidos 1º, 2º, 3º e 4º ESO
- Área/ materia / módulo: Educación Física

O programa **PIALE** é unha iniciativa da Consellería de Educación de Galicia que permite aos profesores mellorar o seu nivel nun idioma estranxeiro mediante estadías no estranxeiro en países como Francia, Portugal, Gran Bretaña ou Canadá.

Existen varias modalidades e a miña foi a pasar 4 semanas nun centro escolar en Canadá como óinte ou o que se coñece como “shadowing” (ser a sombra dun profesor da miña materia no país de destino).

O aloxamento tinga lugar en casas de hóspedes ou “hosts” como se di en inglés e ou meu centro educativo foi ou Cairine Wilson Secondary School non distrito francófono de Orleans ao leste de Ottawa.

Teño que dicir que foi unha experiencia marabillosa que me permitiu mellorar ou meu nivel de inglés , coñecer aspectos do sistema educativo de Canadá, ou funcionamento dun centro educativo e tamén coñecer un país impáctante xa que viaxei a sitios como as fervenzas do Niagara, e as cidades de Toronto, Motreal ou Quebec.

Na última fase deste proxecto tiven que presentar unha memoria sobre a miña experiencia que a continuación expoño:



## 2.- CONTIDOS DO PLAN DE DIFUSIÓN

- **Introdución**
- **Aspectos destacables do sistema educativo canadense**
  - O tratamento das artes
  - A convivencia
  - As aprendizaxes funcionais
  - O tratamento do alumnado con NEE
- **Aspectos destacables da organización dos centros educativos canadenses**
  - O Cairine Wilson Secondary School de Ottawa
  - Instalacións e recursos materiais
  - Recursos humanos
  - Actividades extraescolares e servicios de apoio ao alumnado
  - Os deportes e a actividade física
- **A materia de Educación Física no sistema educativo canadense**
  - Obxectivos, contidos, a avaliación e as cualificacións
  - A metodoloxía

## INTRODUCCIÓN: Á MIÑA EXPERIENCIA EN CANADÁ CO PROGRAMA PIALE

No presente curso durante 4 semanas tiven a oportunidade de vivir unha experiencia de inmersión lingüística para profesorado da comunidade autónoma de Galicia co obxectivo de coñecer o sistema educativo canadense e mellorar a miña competencia lingüística en inglés a través do que se coñece como “shadow teaching”.

Esta metodoloxía de aprendizaxe consiste basicamente en facer unha “inmersión” nun centro educativo do estranxeiro sendo a “sombra” dun ou varios profesores co obxectivo de observar o seu traballo, a súa metodoloxía e as súas estratexias de ensino aprendizaxe da materia, no meu caso, da Educación Física.



O centro que se me asignou chámase Cairine Wilson Secondary School moi vinculado aos deportes e as actividades “outdoor”, cunhas instalacións envexables e un entorno idílico ao lado do río Ottawa .

Este centro tamén se caracteriza tamén por unha elevada implicación e recursos para alumnos con NEE que no caso do sistema educativo canadense, non se atopan integrados nas aulas co resto dos alumnos en ningunha das materias como ocorre no noso contexto.

Tiven a oportunidade de estar en clases de E.F. e tamén en outras materias como foron: Bioloxía, Música e “Drama”.

O profesorado, aceptou de bo grado a miña estadía e tiñan interese por coñecer a miña experiencia e mesmo mostraban certo grao de “envexa” polo feito de que as administracións educativas no meu país consideraran importante promover este tipo de actividades co obxectivo de formar ao profesorado.

Así mesmo tiven a ocasión de participar nunha actividade de canoa polo río Ottawa con dous profesores que a organizaron para os seus alumnos.

## ASPECTOS DESTACABLES E TRANSFERIBLES DA ORGANIZACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO CANADENSE

O sistema educativo canadense, que nos últimos anos foi collendo forza e notoriedade grazas aos seus excelentes resultados nos informes PISA (lonxe da media europea e moi superiores a Estados Unidos), difire enormemente do noso e **dos aspectos destacables non todos poderíanse considerar “transferibles” dadas as características tan diferentes dos dous sistemas educativos e a idiosincrasia de cada un dos países.**

Procedo a facer unha pequena exposición dos elementos mais reseñables dende o meu punto de vista:



## A IMPORTANCIA DAS ARTES NO SISTEMA EDUCATIVO

---

O Cairine Wilson Secondary School conta cun aula de música en grada, unha espectacular aula-taller de artes gráficas, un aula de teatro con todo tipo de “atrezos” e vestiario (o teatro formaba parte do currículo no equivalente a 3º e 4º da ESO) e un gran salón de actos con escenario.

Chama a atención a consideración e importancia das artes no sistema educativo canadense. Tiven a fortuna de acudir á unha clase na aula de música e puiden comprobar que cada un dos alumnos tocaba un instrumento.

O teatro ou como eles denominan “drama” é unha materia importante no currículo e a empregan como un excelente medio para traballar a creatividade, a conexión do grupo, a expresión oral, e todos aqueles aspectos que de todos é coñecido, repercuten positivamente no desenvolvemento integral do alumnado.

As artes son consideradas un fin e un medio na educación polo seu papel no desenvolvemento das habilidades creativas e cognitivas nos estudiantes **e pola consideración de que son unha forma valiosa de celebrar e preservar a diversidade cultural canadense.**

## A CONVIVENCIA

---

A “disciplina” nos centros educativos é algo moi presente e o respecto aos símbolos é algo “profundo” e arraigado na comunidade educativa canadense.

## O HIMNO CANADIENSE

No Cairine Wilson as clases empezaban as 9:30 horas e a dita hora sonaba cada día o Himno de Canadá, fora o que fora o que estivera facendo cada unha das persoas que estaban dentro do edificio (camiñar polos corredores, sentados nas aulas ou traballando diante dun ordenador) todo o mundo escoitaba o himno en completo silencio e de pé para reanudar o que estivera facendo unha vez rematado.



## A FIGURA DO PROFESOR

A figura do profesor en Canadá e moi respectada polo alumnado; **chama poderosamente a atención o silencio con que o alumnado escucha ao profesor cando explica.**

Veño completamente “abraiada” con este pequeno gran detalle de que os alumnos paren de falar, facer ruído, botar un balón ou o que sexa que estean a facer cando o profesor reclama á súa atención para darralles unha explicación.

## A CONVIVENCIA ENTRE O ALUMNADO

Canadá é frecuentemente descrito como un país de inmigración, aberto ás diferenzas e que abraza o multiculturalismo como política de Estado.

Durante a miña estancia aló puiden comprobar que ademais de convivir diferentes razas, conviven en aparente harmonía as dúas relixións maioritarias como son as derivadas do cristianismo e a musulmán, esta última, no caso das mulleres, con simboloxía moi aparente como o hiyab na cabeza e a abaya ou túnica que tamén empregaban para as clases de E.F.

Falo de aparente harmonía porque non percibín absolutamente ningún tipo de conflito no relativo a este tema o que non quere dicir que non existan.

Dende a miña perspectiva persoal despois de 4 semanas é que en relación as ideas preconcibidas que temos coa cultura anglosaxona norteamericana, léase Estados Unidos, percibín tolerancia e respecto independentemente da raza, relixión ou calquera outra condición dos membros da comunidade educativa.

Mención especial nesta exposición merece ou tema dá poboación indíxena neste país. Durante moito tempo os dereitos e as culturas indíxenas foron marxinados ou ignorados polos gobernos e a sociedade en xeral. Nos últimos anos tomáronse medidas concretas para apoiar a súa autodeterminación e mellorar a súa calidade de vida.



## AS APRENDIZAXES FUNCIONAIS



Nunha visita a aula de tecnoloxía puiden ver que contaba con dous coches cos que os alumnos aprendían a cambiar un pneumático, un fusible, revisar os niveis de aceite, auga e calquera manobra básica co vehículo que se entende que servirán na vida cotiá do presente e futuro dos alumnos.

Así mesmo nesa mesma aula os alumnos estaban construíndo unha táboa de neve cun guiador (“manillar”) coa que dirixila empregando ferro e soldadura.

No centro tamén había un “aula cociña” onde os alumnos aprendían a facer elaboracións culinarias básicas e adquirir coñecementos sobre nutrición, saúde alimenticia e dietética.

No noso país, moitas destas habilidades básicas para a vida son aprendidas no entorno familiar, posteriormente tamén no laboral e no que aporta a cada un de nos a experiencia vital; pero moitas delas nunca chegan a ser adquiridas e semella, dende o meu punto de vista, unha gran carencia xa que:

- Permiten ás persoas levar a cabo tarefas cotiás e resolver problemas na súa vida diaria.



- Fomentan a independencia xa que gracias a elas as persoas poden realizar tarefas por si mesmas e ser más autónomas.



- Melloran a calidade de vida ao facilitar a resolución de problemas e permiten levar a cabo diferentes actividades de maneira más eficiente e satisfactoria.
- Potencian a autoestima ao facer sentir ás persoas más seguras e capaces.
- Fomentan a inclusión social xa que permiten participar na sociedade de maneira más activa e efectiva, mellorando a integración e inclusión social.

## A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE

Acudín todos os días a unha das diarias de Educación Física que tiñan os alumnos con trastornos do desenvolvemento (DDP) e cos alumnos con trastorno do espectro autista que



ademas de traballar en grupos separados do resto de alumnado estaban á súa vez separados en dous grupos con profesorado diferente.

Neste apartado deberíamos de poder falar de aspectos destacables e transferibles polo “ben facer” do sistema educativo canadense neste sentido.

Son docente nun centro educativo que conta cun Aula Específica onde asisten alumnos con trastornos do desenvolvemento graves que impiden a súa integración nas aulas de referencia. Abandonan a aula en materias como a miña, Educación Física e Educación Plástica e Visual e o resto do tempo permanecen coa súa profesora e unha coidadora.

Podemos entrar no debate de se este tipo de alumnado debería estar nalgúnsas materias , como é o noso caso, porque poderíamos ter tantos argumentos a favor como en contra; pero o que si non ten ningún tipo de discusión é que os recursos materiais e humanos cos que conta este tipo de alumnado en Canadá sería o deseable para as nosas aulas en España.

Cada unha das aulas específicas conta con profesorado especialista, un profesor de apoio e con tres coidadores por cada grupo de 10-12 alumnos.

A aula conta con cociña e electrodomésticos para a adquisición de aprendizaxes funcionais que van na dirección de mellorar a autonomía persoal tan necesaria para estes alumnos, tamén realizan numerosas saídas do centro e, como xa mencionei mais arriba, teñen clase de E.F. todos os días, unha materia enfocada a mellorar ás súas destrezas motrices: como a marcha, a carreira, os lanzamentos, as recepcións e outras como a mobilidade articular, o ritmo e a coordinación.

**O traballo con este alumnado debería de pasar por este tipo de medidas tan deseables que probablemente teñamos aquí sobre o papel pero que non contan co acompañamento orzamentario para que sexan posibles.**



Triciclo para alumnos con NEE en Cairine Wilson Secondary School




## ASPECTOS DESTACABLES E TRANSFERIBLES DA ORGANIZACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO CANADENSE

### O CAIRINE WILSON SECONDARY SCHOOL





O centro educativo Cairine Wilson High School está situado non distrito de Orleans un suburbio de Ottawa , Ontario , Canadá. Está situado no extremo leste da cidade ao longo do río Ottawa , a un 16 km do centro de Ottawa e conta cunha poboación de 126.000 persoas.



O centro conta cuns 700 alumnos aproximadamente e nel se imparten os niveis educativos dende 9º ata 12º que sería o equivalente aos nosos 3º, 4º de ESO, 1º e 2º de bach.

O claustro está composto por 48 profesores e o horario de clases é de 9:30 da mañá a 3:30 da tarde con 4 sesións por día de 75 minutos e un tempo de almorzo de 50 minutos.

|               |           |
|---------------|-----------|
| 9:30 –10:45   | Block A   |
| 10:50 – 12:05 | Block B   |
| 12:05 – 12:55 | Lunch     |
| 12:55 - 2:10  | Block C   |
| 2:15 - 3:30   | Block D   |
| 3:30          | Dismissal |



## OS RECURSOS MATERIAIS E INSTALACIÓNNS

Según fun sabendo polos compañeiros de PIALE, o centro educativo no que estiven creo que non respondía á xeneralidade de todos os demais en canto a recursos materiais e instalaciónns polo que non podo facer unha análise comparativa así que falarei do que me atopei no que eu estiven traballando.

Centrándome no que se refire á miña materia, as instalaciónns coas que contaba o departamento de E.F. era todo aquello que cada un de nós soñaría con ter aquí no noso centro:

- Un ximnasio / pavillón calefactado
- Sala de fitness / ioga





- Sala de pesas e aparatos para ejercicio cardiovascular
- Campo de herba exterior (fútbol, soccer, rugby, etc.)
- Pista de atletismo

As instalacións interiores estaban completamente equipadas entre o que destacaría, por ser impensable no meu contexto: bicicletas de spinning, cintas de correr e bancos de remo na sala de pesas, currunchos de crossfit na sala de fitness ou mesmamente un tapiz de loita libre completamente removible no ximnasio.

En canto ao material para actividades de exterior na natureza o centro conta con 20 canoas de 2 prazas para as actividades de río, esquíes de fondo e material de acampada, supervivencia e escalada entre outros.





## OS RECURSOS HUMANOS



O departamento de Educación Física estaba composto por 7 profesores que impartían clase nos diferentes niveis. Neste sentido non atopei grandes diferencias co que pode ser a nosa organización neste sentido. Cada profesor tiña asignado os seus cursos e impartía clase de xeito individual como ten lugar aquí nas nosas aulas.

Diferente é o papel do Xefe do Departamento (Guy para os compañeiros e Mr MacDouglas para o alumnado) que ten un peso moi importante no control do traballo dos compañeiros e na disciplina dos alumnos no referente a esta materia, non so nas súas clases se non en xeral con todos os alumnos do centro no contexto das clases de E.F. fora quen fora o profesor.

Hai gran diferencia con respecto a España cos recursos humanos dedicados aos alumnos con Necesidade Educativas Especiais do que xa falei anteriormente e non me cango de destaco, con profesores especialistas, profesores de apoio (no caso de E.F. sempre había dous docentes da materia) e persoal con funcións similares aos nosos “coidadores” que sempre eran entre 2 e tres por cada 10 alumnos.



## O DEPORTE E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS

No sistema educativo canadense, o deporte é considerado unha parte importante da formación dos estudiantes e unha oportunidade para fomentar a disciplina, o traballo en equipo e o desenvolvemento físico e mental dos estudiantes.

Os programas deportivos son unha parte integral da oferta educativa do Cairine Wilson, e anímase aos estudiantes a participar nunha ampla variedade de actividades entre as que destaca o fútbol (americano), o baloncesto, o ice hockey e o rugby. Nos últimos anos, parece ser que está cobrando forza o que eles denominan soccer que é o noso fútbol.

Na hora do almorzo, entre períodos lectivos os alumnos tiñan adestramentos e ao rematar as clases tamén e partidos das competicións de deporte escolar moi organizado e arraigado neste país e que ademais supón un prestixio e orgullo para o centro que tiña recollidas, en “banderolas” colgadas por todo o pavillón, os éxitos acadados nos diferentes deportes do Club os “Wild Cats” que funciona como unha institución deportiva dentro do centro.

Así mesmo no centro había varias alumnas en condicións especiais de escolarización por mor da súa consideración como deportistas de elite no baloncesto e mesmamente unha delas formaba parte da selección nacional feminina deste deporte e estaba á espera de decidir a que Universidade iría como bolseira cando rematara o derradeiro curso no instituto.





## OS SERVICIOS AO ESTUDIANTE E AS ACTIVIDADES EXTRESCOLARES

---

Nos centros educativos de Canadá, ofréncense unha ampla variedade de servizos aos estudantes para apoiar o seu benestar e o seu éxito académico.

Algúns dos servizos más comúns inclúen:

- Asesoramento e orientación: para axudar na tomar decisións sobre o seu futuro académico e profesional.
  - Apoio emocional e psicolóxico: para axudar a manexar problemas emocionais e de saúde mental.
  - Accesibilidade: para apoiar aos estudantes con discapacidades e garantir que teñan acceso a todas as oportunidades educativas.
  - Programas extra curriculares: para fomentar o desenvolvemento persoal e social a través de actividades deportivas, artísticas e culturais.
- Alimentación e saúde: para garantir que os estudantes teñan acceso a unha alimentación adecuada e saudable.
- Aloxamento: para apoiar aos estudantes de fóra da cidade ou do país que asisten á escola.



Estes servizos son esenciais para o éxito dos estudiantes e o seu benestar na contorna escolar, e esfórzanse por proporcionalos nunha base regular e accesible para todos eles.

No caso do Cairine Wilson Secondary School os alumnos contaban entre outras coas seguintes actividades:



- Club de Amnistía Internacional
- Club de Igualdade
- “Relay for Life” cancer research
- Club de xadrez
- Banda de música e coro
- Club de teatro
- Club de Liderádego Estudiantil
- Asociación Atlética
- Club de mediadores entre pares
- Club de videoxogos
- Club de lectura
- Reach de top (“Chegar ao cumio”)
- Club de matemáticas e ciencias

## A EDUCACIÓN FÍSICA EN CANADÁ

Nos países anglosaxóns, a Educación Física é unha materia importante no sistema educativo e impártese en todos os niveis, desde a escola primaria ata o derradeiro curso de secundaria.

**Importante si, con peso académico NON.**

**Teño que reseñar que no Cairine Wilson os alumnos e as alumnas de diferente xénero tiñan as clases de Educación Física separados a excepción de casos illados de alumnas con moita competencia motriz que participaban nas clases dos varóns.**

**Os obxectivos** fundamentais da materia son basicamente os mesmos que os nosos que son os de proporcionar estratexias ao alumnado para desenvolver habilidades físicas, comprender



a importancia dun estilo de vida activo e saudable, fomentar o traballo en equipo e a competencia sa.

**Os contidos** con mais peso son os relacionados co acondicionamento físico, os deportes colectivos e os deportes no medio natural (para o que teñen un entorno idílico e equipamento para practicalos)

A educación física tamén inclúe **clases teóricas** sobre nutrición, anatomía humana e saúde. Puiden asistir a unha clase de repaso de contidos de anatomía humana do equivalente a 2º de bacharelato e observei que os contidos eran bastantes básicos tales como identificar os ósos do corpo humano.

**A evaluación da materia** é mais en base á participación en clase que aos niveis de desempeño físico e / ou motriz. Non tiven ocasión de observar exames de carácter práctico nin tampouco aos profesores facendo anotacións das clases, levando listas de control ou fichas de observación.

Para obter as **cualificacións**, puiden saber que empregan exames teóricos, para “obxectivar” as “diferencias” das cualificacións entre alumnos mais “traballadores” e os menos e que a competencia motriz en cada actividade era o que realmente marcaba a cualificación final independentemente do punto de partida de cada alumno.

**A metodoloxía** na miña materia, en xeral tiña moito que ver co mando directo e a reprodución de modelos con dinámicas moi guiadas polo profesor mediante explicacións, exercicios de execución de modelos e feedbacks individuais e sobre todo grupais.

Nas ocasións en que os contidos se saían dos patróns habituais léase ioga ou coreografías, empregaban vídeos de “you-tube” que os alumnos reproducían.

Entendo que os modelos metodolóxicos como o descubrimento guiado e a resolución de problemas que afondan mais nos procesos de aprendizaxe significativo non cumplirían cos obxectivos do ensino da Educación Física tal e como está plantexado neste país.



#### 4.- LUGARES OU FORMATOS DA DIFUSIÓN

O centro educativo de destino da miña experiencia limitase ao CPI Castro Baxoi de Miño e os profesores que se interesaron pola miña experiencia que fundamentalmente foron os profesores de inglés.

Persoalmente, na aula, á miña volta trasladei toda a información que eu considerei relevante aos meus alumnos.

Os alumnos, familias e resto de compañeiros puideron saber da miña experiencia a través da Aula Virtual, páxina WEB e redes sociais do centro.

Desafortunadamente non se fixo ningunha difusión da experiencia a través dos medios de comunicación local para dar a coñecer a miña experiencia.

The collage consists of five photographs of signs and notices from a Canadian school. 1. A blue sign reading 'DO NOT LEAVE VALUABLES IN CHANGEROOM'. 2. A wooden sign for 'Student Success' in room 203. 3. A dark sign with a yellow sticker that says 'PLEASE KEEP THIS DOOR LOCKED'. 4. A wooden sign for 'HOME OF THE WILDCATS GYM B' with an arrow. 5. A close-up of autumn leaves. Below each photo is a student comment in Spanish:

- Anónimo 3me: for example gold rings, diamonds...
- Anónimo 3me: mariás room
- Anónimo 3me: grade 5 students
- Anónimo 4me: You found it unlocked, didn't you???
- Anónimo 3me: Do you need a key? grade 5

The collage consists of four photographs from Monica's trip to Canada. 1. A person sitting on a dock by a lake. 2. A person sitting on a bench next to a large wooden archway. 3. A group of people posing in front of a building. 4. A view of a school building with mountains in the background. Below each photo is a student comment in Spanish:

- Hi guys:  
As you know I am in Canada , on the other side of the Atlantic Ocean.
- I arrived here on Wednesday the 12th and during these days I went around the city, I visited the Omega Park, a beautiful place with many wild animals and I also went to a theme park
- I have made a lot of friends because we are 42 teachers from all over Galicia so I am enjoying it a lot.
- Tomorrow is my first day at school, I'm a bit nervous 😊. Soon I will write you how the experience has been.  
Hugs and kisses



## 5.- PROCEDIMENTOS DA DIFUSIÓN

### A QUEN FOI DIRIXIDO?

- Alumnado e profesorado de ESO
- Alumnado e profesorado de inglés de E.P.
- Profesorado de E.F. de Educación Primaria
- Equipo de Dinamización da biblioteca e de actividades extraescolares

### COMO SE DIFUNDE?

- Este documento será difundido a través da páxina web do centro e no curso específico creado para elo na A.V (plataforma Moodle)
- Coa ferramenta “PADLET” e xa incluso estando aló fixen varios murais con temas de interese para os compañeiros de Inglés de secundaria de 1º de ESO e de 4º, 5º e 6º de E.I.
- No Instagram do centro foron publicados “reels” da miña experiencia mentres me atopaba en Canadá.
- Exposición fotográfica en taboleiros físicos e galería de imaxes en taboleiro dixital colgado na Web e na Aula Virtual do centro.

## 5. PROGRAMACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DA DIFUSIÓN.

A difusión desta experiencia de formación tivo lugar dende os primeiros días da miña estancia aló, os padlets interactivos foron empregados polos profesores de inglés nas súas clases e o alumnado escribía en dito taboleiro.

Así mesmo se fixeron varías publicacións no Instagram do centro



A difusión entre os alumnos da ESO tivo lugar nas miñas clases de E.F.

A difusión ao resto de alumnado, familia e comunidades educativas foi a través da Web e Aula Virtual do centro

## 6. REPERCUSIÓN DA DIFUSIÓN.

|  |            |
|--|------------|
| De xeito directo por ser alumnos meus        | 168        |
| De xeito indirecto por ser alumnos do centro | 567        |
| Profesores directamente implicados           | 2          |
| Profesores                                   | 48         |
| Familias                                     | As dos 567 |



## PROPOSTA DIDÁCTICA NA LINGUA OBXECTO DE ESTUDO

### “IN LINE & ICE HOCKEY, FIRST COUSINS”

#### XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

O hóckey en liña, coñecido tamén como roller hóckey ou in-line hóckey, ten unha historia e nacemento bastante recente, a cal está ligada ao hóckey sobre patíns e ao hóckey sobre xeo.

O hóckey sobre xeo nace en Canadá e a súa orixe remóntase aos primeiros anos do século XIX. Este deporte foi evolucionando, converténdose nun dos deportes más importantes nos países do norte de América e en países con clima especialmente frío.

O que naceu un deporte similar, pero sobre rodas ten que ver co feito de que os xogadores de xeo terminado o inverno querían seguir xogando e por iso deciden facelo en pistas aptas para rodas.

Primeiro fixérono con patíns de eixos tradicionais e moitos anos máis tarde doux xogadores de hóckey sobre xeo de Estados Unidos, Scott Olson e Brennan Olson inspirándose nuns vellos patíns en liña dos anos 60 decidiron mellorálos con materiais modernos. Deste xeito en 1984 fúndase a marca Rollerblade, patentando así os patíns en liña.

A finais dos 80 os patíns en liña adquiriron moi súa popularidade, pero o hóckey en liña non lograría popularizarse ata que nos anos 90 tivo lugar a apertura e adhesión de equipos de “lugares non fríos” de Estados Unidos á NHL (Liga Nacional de Hóckey, a liga máis importante de hóckey sobre xeo do mundo) e os afeccionados saísen á rúa para xogar ao hóckey con calquera elemento que permitira copiar aos seus ídolos aínda que non fóra nunha pista de xeo.

Na miña visita a Canadá tiven a fortuna de asistir a un partido de hóckey dos Senators o equipo da cidade de Ottawa.

O hóckey sobre xeo é o “deporte” de Canadá, e é considerado como parte integral da cultura e a identidade canadense. Os partidos van más aló e son espectáculos emocionantes e vibrantes, e as experiencias dos afeccionados nos estadios son consideradas unha das mellores no deporte.



Tendo en conta a relación tan estreita entre o hóckey sobre xeo e en liña, que no meu centro, o CPI Castro Baxoi, a patinaxe en liña está moi instaurado e mesmo contamos cunha boa cantidade de patíns en préstamo e que tiña que elaborar unha unidade didáctica que recollese a miña experiencia en Canadá co proxecto PIALE, non podería atopar mellor maneira de facelo que con esta Unidade Didáctica de Introdución ao Hóckey en Liña.



## DIDACTIC UNIT: “IN LINE & ICE HÓCKEY, FIRST COUSINS”

|               |  |
|---------------|--|
| AUTHOR        | Mónica Mato Seijas   |
| E-MAIL        | monicamato@edu.xunta.gal   |
| XUSTIFICACIÓN | (*) Done at the beginning of this section  |
| RECURSOS TIC  | Clasroom laptop  |
| SUBJECT       | Phisical Education   |
| GRADE         | 2º ESO   |
| TIMING        | 3rd trimester academic year 2022-23  |
| INTRODUCTION  | <p>The manipulation of a hockey stick is always an attraction for students, whatever their age, and skating is a physical activity that is very popular among our students.</p> <p>With this didactic unit we want to develop all kinds of kinaesthetic perceptions in basic motor skills (transferring the sensitivity of the hand to a stick, getting to feel the stick-ball contact).</p> <p>The use of the stick forces students to adapt their motor action to a new situation in which distances, trajectories and, in short, perceptions vary.</p> <p>We will learn about the origin and history of this sport and we will also work on the specific vocabulary of the sport in English and collective sports in general.</p> |



|                  |   |
|------------------|---|
| <b>OBJETIVES</b> | <p><b>PHISICAL EDUCATION OBJETIVES</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• To know the parts of the body and their actions involved in the handling of the stick.</li><li>• To know the basic stick movements involved in the games.</li><li>• To perform the different techniques required by the stick.</li><li>• To apply the stick skills in the different games proposed and know the basic rules established in stick games and use the stick correctly in any action</li><li>• To become aware of the possibilities of individual movement and accept the conditions of the rest of the group.</li><li>• To develop autonomy and confidence in one's own actions, and to respect the actions of one's teammates.</li><li>• To respect the rules of the game commonly established and accepted by the group and sort out conflicts arising in the game.</li></ul> <p><b>LINGUISTIC OBJETIVES</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• To intensify the learning of English language through physical education</li><li>• To teach about different sports in English</li><li>• To provide language supports such as scaffolds and instructional strategies to help learners understand and use the language</li><li>• To integrate physical activities into P.E. lessons to build fluency</li></ul> |
| <b>CONTENTS</b>  | <ul style="list-style-type: none"><li>• <b>CONCEPTUAL</b><ul style="list-style-type: none"><li>○ Identification of the basic movements required for each gesture with the stick.</li><li>○ Knowledge of the basic technique of stick handling.</li><li>○ Recognition of the basic rules of the proposed games.</li></ul></li></ul>  |



|                                    |  |                        |   |                       |   |
|------------------------------------|--|------------------------|---|-----------------------|---|
|                                    | <ul style="list-style-type: none"><li>• <b>PROCEDURAL</b><ul style="list-style-type: none"><li>○ Execution of driving / throws / pushes / blocks and pivots with the stick.</li><li>○ Application of the technical elements of stick handling to recreational activities.</li></ul></li><li>• <b>ATTITUDINAL</b><ul style="list-style-type: none"><li>○ Acceptance of one's own limitations and those of teammates.</li><li>○ Cooperate with teammates to achieve common goals.</li><li>○ Acceptance of the established rules.</li></ul></li><li>• <b>LINGUSITIC</b><ul style="list-style-type: none"><li>○ General vocabulary used for the different skills in the context of team sports</li><li>○ Specific vocabulary of the in-line hockey</li></ul></li></ul> |                        |   |                       |   |
| <b>KEY COMPETENCES</b>             | <ol style="list-style-type: none"><li>1. Competence in linguistic communication.</li><li>2. Learning to learn.</li><li>3. Social and civic competences.</li><li>4. Sense of initiative and entrepreneurship.</li></ol>   |                        |   |                       |   |
| <b>SOFT SKILLS</b>                 | Oral expression, ICT, civic education, communication, etc.   |                        |   |                       |   |
| <b>CENTER PLANS &amp; PROJECTS</b> | Coexistence Plan   |                        |   |                       |   |
| <b>METODOLOGIC</b>                 | <table border="1"><tr><td><b>TEACHING METHOD</b></td><td><ul style="list-style-type: none"><li>• Sport Education System</li><li>• Cooperative learning</li></ul></td></tr><tr><td><b>TEACHING STYLE</b></td><td><ul style="list-style-type: none"><li>• Assignment task</li><li>• Small group instruction</li></ul></td></tr></table>  | <b>TEACHING METHOD</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>• Sport Education System</li><li>• Cooperative learning</li></ul> | <b>TEACHING STYLE</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>• Assignment task</li><li>• Small group instruction</li></ul> |
| <b>TEACHING METHOD</b>             | <ul style="list-style-type: none"><li>• Sport Education System</li><li>• Cooperative learning</li></ul>  |                        |   |                       |   |
| <b>TEACHING STYLE</b>              | <ul style="list-style-type: none"><li>• Assignment task</li><li>• Small group instruction</li></ul>  |                        |   |                       |   |



|                            |  |   |
|----------------------------|--|---|
|                            | <b>TEACHING TECHNICS</b>   | <ul style="list-style-type: none"><li>• Direct instruction</li><li>• Inquiry</li></ul>  |
| <b>ASSESSMENT CRITERIA</b> | <p><b>P.E. ASSESSMENT CRITERIA</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Develops activities specific to each phase of the physical activity session, in relation to its characteristics.</li><li>• Recognises the possibilities of physical-sports and artistic-expressive activities as forms of social inclusion, facilitating the elimination of obstacles to the participation of other people regardless of their characteristics, collaborating with them and accepting their contributions.</li><li>• Recognises the possibilities offered by physical and sporting activities as forms of active leisure and responsible use of the environment.</li><li>• Resolves motor situations of opposition, collaboration or collaboration-opposition, using the most appropriate strategies according to the relevant stimuli.</li></ul> <p><b>LINGUISTIC ASSESSMENT CRITERIA</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Knows the general vocabulary used for the different skills in the context of team sports</li><li>• Knows the specific vocabulary of the sport practised</li><li>• Translates what he/she has learnt in the foreign language into practice situations in the classroom.</li></ul> | <b>ASSESSABLE LEARNING STANDARDS</b> <ul style="list-style-type: none"><li>1. Prepares and implements activities to improve motor skills according to own difficulties.</li><li>2. Shows tolerance and sportsmanship in the role of participant and spectator.</li><li>3. Collaborates in group activities, respecting the contributions of others and the established rules, and assuming his/her responsibilities for the achievement of objectives.</li><li>4. Applies the basic aspects of the techniques and specific skills of the proposed activities, respecting the established rules and regulations.</li><li>5. Self-assesses his/her performance in accordance with the formulated technical model.</li><li>6. Describes how to perform the movements involved in the technical models.</li><li>7. Improves his/her level in the execution and application of technical actions with respect to his/her starting level, showing attitudes of effort, self-existence and self-improvement.</li></ul> |
| <b>ASSESSMENT TIMING</b>   |  | <b>% WEIGHTED AVERAGE GRADE</b>   |
|                            | <b>INITIAL</b>   | <ul style="list-style-type: none"><li>• Real classroom play</li></ul>   |
|                            | <b>“TO KNOW”</b>   | <ul style="list-style-type: none"><li>• Theory exam (Vocabulary and rules)</li></ul>  |



|                               |   |   |  |
|-------------------------------|---|---|--|
|                               | <b>"TO DO"</b>  | <ul style="list-style-type: none"><li>• Practical exam</li></ul>        | <ul style="list-style-type: none"><li>• 60 %</li></ul> |
|                               | <b>"TO BE"</b>  | <ul style="list-style-type: none"><li>• Classroom observation</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>• 20 %</li></ul> |
| <b>ASSESSMENT INSTRUMENTS</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>• Teacher's notebook</li><li>• Questionnaires</li><li>• Checklist</li><li>• Rubrics</li></ul> |   |  |



## SESSION 1: WHAT IS THE STICK FOR?

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <b>OBJECTIVES</b>        | To get to know the motor possibilities offered by the stick and learn how to use the stick for each of the motor actions.  |
| <b>CLASS DEVELOPMENT</b> | <p><b>A. EXPLANATIONS</b><br/>Brief introduction about what is going to be the teaching unit.<br/><br/>Multimedia presentation about the origin, history and evolution of the sport from ice hockey to inline hockey, general aspects of the sport and safety rules and accident prevention.</p> <p><b>B. WARM-UP</b><br/>Moving around the gym, inline skating chase games and stretching.</p> <p><b>C. DEVELOPMENT</b></p> <p><b>ACTIVITIE 1</b><br/>Organize the class in groups. Each group is given a couple of sticks and a small ball and is told that they must perform all the actions they can think of with the stick and the ball.<br/>After a certain time of experimentation, each group explains the experiences they have had with the stick and the ball.</p> <p><b>ACTIVITIE 2</b><br/>A relay race is proposed, for this, 2 groups of 5 people are joined together and 5 are placed on each side of the track, so that there are rows facing each other. Each group (row) is given one stick. The objective of the activity is to drive a small ball from one side of the court to the other.</p> <p><b>D. FINAL</b><br/>Sitting on the floor around the teacher, the motor actions that the students think can be developed with the sticks are exposed: driving, driving by tapping, throwing, lifting the ball, combinations of these actions.</p> |



## SESSION 2: DRIVING THE BALL WITH THE STICK

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <b>OBJECTIVES</b>        | To get to know the motor possibilities offered by the stick and learn how to use the stick for each of the motor actions.  |
| <b>CLASS DEVELOPMENT</b> | <p><b>A. EXPLANATIONS</b><br/>Brief introduction about what is going to be the class</p> <p><b>B. WARM-UP</b><br/>The "lambs and the wolf":<br/>Each student has a ball, a hoop and a stick. The players (shepherds) are placed in dispersion on the field, inside the hoop. At their feet will be the little ball (lambs). There is one player (the wolf) with a stick and no ball. At a given signal each shepherd takes the lambs for a walk. When the wolf catches a lamb, his lamb becomes a wolf. The shepherds may return to their own house, or to any house that is empty.</p> <p><b>C. DEVELOPMENT</b></p> <p><b>ACTIVITIE 1</b><br/>We analyze the game of the lambs and the wolf.<br/>"Under what circumstances is it easiest to drive the ball?"<br/>"What happens when you look at the ball or stick?"<br/>Organize several rows. In front of each row paint a line with chalk. It has to be picked up by passing the ball back and forth with the stick.<br/>In front of each row, place some cones in front of the line, the ball must be slalomed through the cones.<br/>Make gates with cones or flags. The ball must pass through the delimited places.<br/>"Repeat several times the routes until you master the technique of driving the ball, without looking at the stick".</p> <p><b>ACTIVITIE 2</b><br/>A relay race is proposed, for this, 2 groups of 5 people are joined together and 5 are placed on each side of the track, so that there are rows facing each other. Each group (row) is given one stick. The objective of the activity is to drive a small ball from one side of the court to the other.</p> <p><b>D. FINAL</b><br/>Organize in groups of 5. Invent a mini-golf course using all the equipment available in the gymnasium.</p> |



## SESSION 3: THE BIG CIRCUIT

|                          |   |
|--------------------------|---|
| <b>OBJECTIVES</b>        | To transfer basic motor situations are stick, to new situations.  |
| <b>CLASS DEVELOPMENT</b> | <p><b>A. EXPLANATIONS</b><br/>Brief introduction about what is going to be the class</p> <p><b>B. WARM-UP</b><br/>Moving around the gym, inline skating chase games and stretching.</p> <p><b>C. DEVELOPMENT</b></p> <p><b>ACTIVITIE 1</b><br/>It is proposed to the class the construction of a common circuit where to evolve with the stick and the ball. To do so, groups are organized. Each group is in charge of creating a station of the circuit, for it they meet and elaborate their project.</p> <p>Each group explains to the rest of the class how to overcome their station. The time taken by each group to complete the circuit is then timed.</p> <p>The team that has won is entitled to be king. They take turns being first in line. Everyone behind him must mimic how to pass the circuit.</p> |
|                          | <p><b>D. FINAL</b><br/>We then circle around the teacher and discuss what new skills with stick have appeared in the circuit?"</p>  |



## SESSION 4: THROWING AND PUSHING WITH THE STICK

|                          |   |
|--------------------------|---|
| <b>OBJECTIVES</b>        | To identify basic stick movements   |
| <b>CLASS DEVELOPMENT</b> | <p><b>A. EXPLANATIONS</b><br/>Brief introduction about what is going to be the class</p> <p><b>B. WARM-UP</b><br/>Moving around the gym, inline skating chase games and stretching.</p> <p><b>C. DEVELOPMENT</b></p> <p><b>ACTIVITIE 1</b></p> <p><b>"The thief"</b>: Each player stands with a stick inside a hoop, forming a circle with the rest of the players. In the center of the circle there is a guard who watches over the treasure (ball), located on the floor next to him. One player approaches the target and tries to take the treasure.</p> <p>The guard (who cannot move until the target has been moved), tries to stop the thief from leaving the circle with the treasure. If the thief is stopped, he becomes the guard, and the guard player.</p> <p><b>ACTIVITIE 2</b></p> <p><b>"Empty the field "</b>: The class is divided into two equal teams separated by a chalk line. At the beginning of the game all the balls are passed to one side of the line. The aim is to keep the minimum number of balls on their side, throwing back the balls coming from the opposite side. Every minute the game is stopped and a count is made. The winner starts the game.</p> <p><b>"Who throws the farthest"</b>: mark a line in the floor with chalk. All students are arranged behind the line with the stick in hand and the ball on the ground. At the signal, they have to throw the ball as far as possible with the stick in groups. When everyone has thrown the ball, fetch the balls and repeat the action from the other side of the court.</p> <p><b>D. FINAL</b><br/>Organize in groups of 6. Each team places two cones forming a goal, and designates from among the group a goalkeeper. The rest of the players take turns trying to score goals. Each time a player scores a goal, he/she exchanges with the goalkeeper.</p> |



## SESSION 5: WHO THROWS THE FARTHEST?

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <b>OBJECTIVES</b>        | To internalize the basic relationships between one's own body and the stick  |
| <b>CLASS DEVELOPMENT</b> | <p><b>A. EXPLANATIONS</b><br/>Brief introduction about what is going to be the class</p> <p><b>B. WARM-UP</b><br/>Each player moves freely around the space driving a ball with the stick when crossing with a partner, the ball must be exchanged.<br/>"No player should let go of the stick from both hands to reach a distant ball".</p> <p><b>C. DEVELOPMENT</b></p> <p><b>ACTIVITIE 1</b><br/>"Wheel": two teams of 8 to 10 players positioned in free space. Each person has a stick. Each team forms a circle, in the center of which a player is placed. The game consists of an exchange of passes as quickly as possible. The central player sends the ball with the stick to the first player in the circle, who returns it immediately, and so on. The team that finishes the wheel first wins. Several repetitions are made, modifying the type of ball exchange.</p> <p><b>ACTIVITIE 2</b><br/>"Further and further": One stick per person, and one ball per team. In each team all the players but one form a column. The free player stands in front of the column. At a signal he throws the first in the row, he throws back the ball. He then passes to the second player, who, in order to receive the pass, must move to the right or left, and so on.<br/>All players in turn will be throwers. Each time the thrower takes a turn, a game ends. The team that wins the most games by speed wins.<br/>Is it a matter of identifying the differences between any pitch and a pass to a teammate</p> <p><b>D. FINAL</b></p> <p>"The target": each group of five people draws with chalk a giant target on the ground, on which 5 concentric circles appear. In front of the target a straight line or shooting line is drawn. In turns, the aim is to try to throw the wooden stick at the target.</p> |



## SESSION 6: OBSTRUCTION!

|                          |   |
|--------------------------|---|
| <b>OBJECTIVES</b>        | To transfer basic motor situations into games.  |
| <b>CLASS DEVELOPMENT</b> | <p><b>A. EXPLANATIONS</b><br/>Brief introduction about what is going to be the class</p> <p><b>B. WARM-UP</b><br/>The whole class has a stick, one half of the class is given a ball, the other half is given no ball. Each player runs freely around the space carrying their stick. The players in possession of the ball must drive the ball. The other half of the class must try to intercept and steal the balls.</p> <p><b>C. DEVELOPMENT</b></p> <p><b>ACTIVITIE 1</b><br/>"How should a player's ball be intercepted?": The player without a ball should never stand between the opposing player and the ball (obstruction).</p> <p>"2 against 1": two players pass the ball to each other with the stick, a third player in the middle tries to retrieve it with the stick.</p> <p><b>ACTIVITIE 2</b><br/>"1 on 1": A semicircle is marked on the ground and 5 goalkeepers are placed on the line. Each one of them with a stick.<br/>In front of each of them are the attackers who arrive with the ball. The attacker must shoot at goal from the line.</p> |
|                          | <p><b>D. FINAL</b></p> <p>The whole class tries to remember the rules and norms established for playing with the stick.</p>   |



## SESSION 7 + 8: LET'S START TO PLAY HOCKEY

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <b>OBJECTIVES</b>        | To respect the rules and regulations of the game established by all.   |
| <b>CLASS DEVELOPMENT</b> | <p><b>A. EXPLANATIONS</b><br/>Brief introduction about what is going to be the class</p> <p><b>B. WARM-UP</b><br/>Moving around the gym, inline skating chase games and stretching.</p> <p><b>C. DEVELOPMENT</b><br/><br/>Teams are formed, the field, the basic rules of the game, and the duration of each game are determined. The teams should be of a few players and the games last 5 minutes. At the end of this time the winning team will face the next team.</p> <p><b>D. FINAL</b><br/><br/>Sharing of the difficulties encountered in the implementation of the game:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Placement of the players</li><li>• Evolution of the ball</li><li>• Respect of the rules</li><li>• Difficulty in the technical actions</li><li>• Very individualized game</li><li>• Very aggressive play...</li></ul> |



## WEBGRAFÍA

### **“Unidad didáctica de hockey en 10 sesiones”**

José Luis Guillén Nicolás

EFD deportes.com, Revista Digital. Buenos Aires, Año 16, Nº 161, Octubre de 2011.

<http://www.efdeportes.com/>

### **“Plurilingüismo y multiculturalidad: el caso del sistema educativo canadiense”**

Cristina Martínez Sanz

Revista de Educación, 343. Mayo-agosto 2007, pp. 133-148

<https://redined.educacion.gob.es/xmlui/bitstream/handle/11162/68717/00820073007019.pdf?sequence=1>

### **“Orígenes e Historia del Hockey en Línea”**

Sin autor

Hockey 51 - no solo un deporte (1 noviembre, 2015)

<https://hockey51.wordpress.com/2015/11/01/origenes-e-historia-del-hockey-en-linea/>

### **“WEB OFICIAL CAIRINE WILSON SECONDARY SCHOOL”**

<https://cairinewilsonss.ocdsb.ca>

